

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE XANEIRO DE 2023**

Ás 10:30 horas do día 16 de xaneiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de xaneiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D. Fernando González Abeijón, representante do PP  
D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG (asiste a todos os puntos excepto ao 2a)  
D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santo, técnica de xestión suplente do xefe da Área de Inversións  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D<sup>a</sup>. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 9a e 10a)  
D. José Angel Otero Lamas, xefe de Área de Inversións (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C5D521-A6EBCA-VU8E7G-M1SYWX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A. UNIPERSONAL
2. BDA. DAS FAVARIZAS 45-1º, MARÍN 36.900 (Jesús Soage Loira)
3. ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.U.
4. MONCOBRA, S.A.
5. SACYR FACILITIES, S.A.

### 3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliável mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 11 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliável mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

A mesa, á vista deste informe, acorda por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento da UTE XUPERA, en base á cláusula 5.6 do PCAP, xa que o prezo ofertado na parte fixa do contrato excede o orzamento base de licitación da parte fixa que é de 1.119.874,27 €, de acordo co indicado no apartado 3.a do Anexo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C5D521-A6EBCA-VU8E7G-M1SYWX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



I (FEC) do PCAP.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de xaneiro de 2024, da UTE XUPERA por exceder, o prezo ofertado na parte fixa do contrato, o orzamento base de licitación para esta parte.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321) na seguinte orde descendente:

	Licitador	TOTAL
1	PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L.	80,00
2	CONTACTNOVA, S.L.U.	78,94
3	HUARIS CALL CENTER, S.L.	64,42

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

## 11. Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C5D521-A6EBCA-VU8E7G-M1SYWX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **"Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do Complexo Deportivo As Travesas" (1712-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da renovación do céspede do campo de fútbol das Travesas (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO TERREO DE XOGO DO COMPLEXO DEPORTIVO "AS TRAVESAS" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 14.09.2023.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (379.999,99 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 65.950,41 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420 632 00 11 (Investimentos mellora inst. deportivas), proxecto de gasto 23342005, segundo a distribución de anualidades proposta.*

2023	379.999,99 €
------	--------------

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C5D521-A6EBCA-VU8E7G-M1SYWX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de decembro adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do Complexo Deportivo As Travesas" (1712-441) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	<b>PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.</b>	<b>97,47</b>
2	URBAN GLOBAL 2018, S.L	96,50
3	OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.	86,34
4	SINTRA APLICACIONES Y SERVICIOS DE PINTURA, S.L.	68,42

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 19 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida o día 27 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xaneiro de 2024 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C5D521-A6EBCA-VU8E7G-M1SYWX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e proposicións avaliadas mediante de fórmula, de datas 4 e 13 de decembro de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación da renovación do céspede do campo de fútbol das Travesas por un prezo total do contrato de 362.747,99 euros, sendo a cota do IVE de 62.956,26 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:55	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C5D521-A6EBCA-VU8E7G-M1SYWX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		